

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de febreiro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catorce de febreiro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(109).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e da extraordinaria e urxente do 31 de xaneiro de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(110).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN NO APARCADOIRO E LOCAIS COMERCIAIS NO SUBSOLO DA PRAZA DE D. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO E MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DA MESMA. EXPTE. 4564/241.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos, do 5.12.13, conformado polo concelleiro de Fomento e a concelleira delegada de Contratación, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 17 de xuño de 2011, previa a tramitación do correspondente expediente de contratación para o outorgamento da concesión demanial, adxudicouna á sociedade mercantil PRAZADOURO, S.L., formalizándose a mesma no documento administrativo de 4 de novembro de 2011.

O 10 de abril de 2013 o administrador único da entidade interesa do Concello a correspondente autorización para transmitir a concesión a unha nova sociedade denominada CENTRO COMERCIAL PLAZA ELIPTICA S.L., resultante da previa absorción doutras por PRAZADOURO S.L., e a súa escisión parcial, que tería por obxecto as actividades inherentes á propia concesión demanial.

A solicitante foi requerida en virtude da Orde de Servizo conxunta dos Concelleiros responsables das Áreas de Fomento e Economía, Facenda e Contratación de 6 de agosto de 2013 para que presentase a seguinte documentación:

“a).- Declaración responsable por parte do órgano societario estatutariamente competente onde se recollan os seguintes extremos:

● Que a operación societaria de fusión e escisión da empresa garantirá en todo momento a plena capacidade e requisitos de solvencia da futura sociedade que pretende ser obxecto de nova creación (isto é, a mercantil “CENTRO COMERCIAL PLAZA ELÍPTICA, S.L.”) e que así foron esixidos á actual concesionaria, de acordo coas previsións contidas no prego de cláusulas administrativas que rexeron a adxudicación do contrato.

● Que a sociedade PRAZADOURO, S.L. comprométese a deixar constancia nos documentos mercantís e escrituras públicas onde se instrumenten as operacións societarias anteriormente descritas, a obriga da sociedade de nova creación de:

■ Prestar as mesmas garantías esixidas ó concesionario, no prazo que a tal efecto lle sexa requirido pola Administración.

■ Subrogarse en tódalas obrigas derivadas do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron a contratación e mais no contrato suscrito coa actual adxudicataria e moi especialmente nas obrigas de concertar unha póliza de responsabilidade civil por importe de 335.000,00€ nos termos estabrecidos no prego; asumir o pagamento da cantidade correspondente ó enriquecemento inxusto pola recepción gratuíta das obras de excavación e estrutura realizadas na Praza Elíptica pola anterior concesionaria “INMIGA, S.L.”; presentar a documentación referida no epígrafe XVI do prego de cláusulas administrativas particulares (documentación administrativa) e formalizar no seu día a cesión da concesión en documento administrativo ou escritura pública notarial coa súa posterior inscrición no Rexistro.

● Que a actual concesionaria, PRAZADOURO, S.L., comprométese do mesmo xeito, a deixar constancia nos documentos mercantís e escrituras públicas onde se instrumenten as operacións societarias anteriormente descritas, a obriga de responsabilizarse solidariamente, xunto coa futura mercantil resultante do seu proceso de escisión (“CENTRO COMERCIAL PLAZA ELÍPTICA, S.L.”) da correcta execución da concesión demanial.

b).- Un informe de auditoría, emitido por experto independente, no que se garanta que a operación societaria de escisión non afectará, por si mesma, ó cumprimento das obrigas contraídas polo actual concesionario fronte a esta Administración municipal por virtude da concesión formalizada o 4 de novembro de 2011.”

A presentación da anterior documentación será condición necesaria para continuar coa tramitación do expediente e autorizar, no seu caso, a transmisión por escisión da concesión.

Presentada a documentación, a Xunta de Goberno Local de 27 de setembro de 2013, previo Informe Proposta de quen suscribe, acordou:

“PRIMEIRO.- Autorizar a operación societaria da fusión e posterior escisión da mercantil “Prazadouro, S.L.” para constituír unha nova, “Centro Comercial Plaza Elíptica, S.L.”.

SEGUNDO.- Informar a Prazadouro,S.L., que a autorización da transmisión da concesión demanial para a xestión e explotación do aparcadoiro e locais comerciais da Praza de D. Francisco Fernández del Riego e mantemento e conservación da mesma por “Prazadouro, S.L.” a “Centro Comercial Plaza Elíptica, S.L.” queda supeditada a que no prazo de tres meses as mercantís citadas cumpran as seguintes obrigas:

a).- A que, unha vez o proceso de escisión fose elevado a público e inscrito no Rexistro Mercantil, soliciten formalmente e de xeito conxunto a través de sendos acordos (adoptados polos respectivos órganos societarios que, consonte ós seus respectivos estatutos sociais, teñan legalmente atribuídas estas facultades), a transmisión da concesión en favor da nova sociedade constituída, resultante do proceso de escisión, que así mesmo manifestará expresamente o seu compromiso de subrogación en tódalas obrigas derivadas do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron a contratación e máis no contrato suscrito coa mercantil “PRAZADOURO, S.L.”

b).- A de as dúas entidades mercantís resultantes do proceso de escisión de achegar copia cotexada dos documentos mercantís e escrituras públicas onde se instrumente a devandita operación societaria (e nos que terán que figurar recollidos os compromisos expresados na mentada declaración responsable), xunto coas correspondentes inscricións no Rexistro Mercantil.

c).- A da nova mercantil, “CENTRO COMERCIAL PLAZA ELÍPTICA, S.L.”, de acadar (unha vez resulte formalmente creada) un acordo expreso do órgano societario que teña legalmente atribuída esa función de responsabilizarse da correcta execución do contrato, xunto coa mercantil “PRAZADOURO, S.L.”, así como de asumir o pagamento da cantidade correspondente ó seu enriquecemento inxusto pola recepción gratuíta das obras de excavación e estrutura realizadas na Praza Elíptica pola anterior concesionaria “INMIGA, S.L.”

d).- A da nova mercantil, “CENTRO COMERCIAL PLAZA ELÍPTICA, S.L.”, xa prevista na devandita declaración responsable, de presentar en tempo e forma e dentro do prazo que a tales efectos se lle indique: 1) A garantía legalmente esixida ao concesionario, 2) A póliza de responsabilidade civil concertada por importe de 335.000,00 €, nos termos establecidos no prego, 3) A documentación referida no epígrafe XVI do prego de cláusulas administrativas particulares.”

Notificado o acordo con data de 27 de novembro de 2013, a entidade presenta a documentación exisida e complementaria á presentada previamente á adopción do acordo que se executa – informe de auditoría e acreditación da solvencia técnica, económica e financeira- consistente en:

- certificación do acordo da Xunta Xeral Extraordinaria de socios de PRAZADOURO S.L., de 25 de novembro de 2013 facultando ó administrador para a execución do acordo da XGL de 27/09/13 solicitando a transmisión da concesión.*
- certificación do acordo da Xunta Xeral Extraordinaria de socios de CENTRO COMERCIAL PLAZA ELÍPTICA S.L, de 26 de novembro de 2013 facultando ó seu administrador para que conxuntamente co representante de PRAZADOURO S.L, solicite a transmisión da concesión e manífeste “ el compromiso expreso de subrogarse CENTRO COMERCIAL PLAZA ELÍPTICA S.L, en todas las obligaciones derivadas del pliego de cláusulas administrativas particulares que rigieron aquella contratación*

y en el contenido íntegro del contrato suscrito en su día entre el AYUNTAMIENTO DE VIGO Y PRAZADOURO S.L, responsabilizándose de la correcta ejecución del contrato junto con PRAZADOURO S.L, asumiendo el pago de la cantidad correspondiente al enriquecimiento injusto por la recepción gratuita de las obras de excavación y estructura realizadas en la Plaza Elíptica por INMIGA S.L, en los términos previstos en el Pliego de cláusulas administrativas particulares regulador de la concesión” e a realizar as xestións precisas para a substitución da garantía e a suscripción da Póliza de responsabilidade civil.

- Copia debidamente compulsada polo Xefe de Negociado da oficina de Información do Concello o 25 de novembro de 2013 da escritura pública de elevación de acordos sociais de absorción, fusión e escisión parcial da sociedade e constitución de CENTRO COMERCIAL PLAZA ELÍPTICA S.L, outorgada ante o notario D. José Pedro Riol López o 9 de outubro de 2013 ó nº 1714 do seu protocolo e inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra o 19 de novembro de 2013, e escritura pública complementaria perante o mesmo onde recóllense as obrigas derivadas do acordo da XGL de 27 de setembro de 2013.
- Copia da Póliza de responsabilidade Civil suscrita co Allianz á que se acompaña o correspondente Certificado da Correduría de seguros respecto á vixencia da Póliza de responsabilidade civil.
- A documentación administrativa complementaria a xa presentada exisida polo prego, Tarxeta de Identificación Fiscal da Axencia Tributaria do Centro Comercial Plaza Elíptica S.L., con número B 27787084, e DNI do administrador único.
- Declaración xurada de non atoparse incurso en causas de prohibición de contratar coas Administracións Públicas e de asumir o compromiso de facer no prazo que se lle impoña a substitución do aval prestado en concepto de garantía definitiva para a formalización do contrato.
- Certificación acreditativa de que Centro Comercial Plaza Elíptica S.L, cumpre dunha forma máis consistente e holgada os parámetros de solvencia económica e estabilidade económica financeira en comparación con Prazadouro S.L, na data de outorgamento da concesión demanial.

Comprobada a documentación e examinado o seu contido pode afirmarse que cúmprese con todos e cada un dos condicionantes ou observacións tidas en conta tanto na Orde de Servizo como no acordo da XGL que execútase, poidendo afirmarse, ademais, que coa documentación complementaria aportada previamente, en especial o Informe de Auditoría sobre as posibles afeccións que orixinaría o proceso de fusión por absorción e posterior escisión parcial, a sociedade adquirente da transmisión da concesión demanial é máis garantista para o Concello que a transmitente, o ter maiores ratios dos requisitos das solvencias técnica, económica e financeira esixidos na formalización do contrato.

En consecuencia, ó cumprir a solicitude da transmisión da concesión demanial coas determinacións do Prego de condicións regulador do contrato, coa Orde de Servizo e o acordo da Xunta de Goberno Local de 27 de novembro de 2013, e estar prevista a mesma no art. 98.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, non existe inconvinte legal algún para acceder ó solicitado, non considerando necesario o informe da Intervención Xeral por non afecta-lo acordo ó réxime económico financeiro do contrato de concesión demanial, polo que en virtude da atribución outorgada á XGL pola Disposición adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, se propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- “Autorizar a transmisión da concesión demanial da xestión e explotación do aparcadoiro e locais comerciais no subsolo da praza de D. Francisco Fernández del Riego e mantemento e conservación da mesma, outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011 á mercantil PRAZADOURO S.L, a favor da entidade CENTRO COMERCIAL PLA-

ZA ELÍPTICA, S.L., subrogándose, en consecuencia, en tódolos dereitos e deberes previstos tanto no contrato como na lexislación vixente.

SEGUNDO.- Requerir a CENTRO COMERCIAL PLAZA ELÍPTICA, S.L., para que no prazo de quince días contados a partir da notificación do presente acordo proceda á substitución do aval prestado por importe de 376.475 € por PRAZADOURO S.L en concepto de garantía do cumprimento do contrato por outro de igual contía que lle responsabilice de tal compromiso.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(111).- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DO 19.12.13 SOBRE “ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA” (PREZO UNITARIO). EXPTE. 82392/301.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, do 11.02.14, que di o seguinte:

NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).

ANTECEDENTES:

En data 19 de decembro de 2013 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar a EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de teleasistencia domiciliaria por un prezo total de 11,76 € usuario/mes (IVE incluído). Este prezo unitario non coincide co ofertado polo licitador na súa proposta económica que foi de 11,75 € usuario/mes (IVE incluído).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 19 de decembro de 2013, adoptou o seguinte acordo:

“12.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA. EXPTE. 82392/301.

Visto o informe de fiscalización do 13.12.13 e de conformidade coa proposta de data 17.12.13, do secretario da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de teleasistencia domiciliaria (expediente 82392-301) por un prezo total de 11,76 € usuario/mes (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE de 0,46 € usuario/mes. O custo máximo do contrato establececese en 155.126,40 euros IVE incluído. Comprométese a aportar os medios técnicos precisos para poder ofrecer o servizo a 10 persoas con dificultades de audición ou comunicación.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Segundo.- O prezo unitario non coincide co ofertado polo licitador na súa proposta económica que foi de 11,75 € usuario/mes (IVE incluído).

Terceiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

“Rectificar o prezo unitario recollido no acordo da Xunta de Goberno de adxudicación do procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia, substituíndo 11,76 € usuario/mes (IVE incluído) por 11,75 € usuario/mes (IVE incluído)”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(112).- PRÉSTAMO TEMPORAL DAS OBRAS “O PONTIGO” E “CIDADE DE HOLANDA NEVADA” Á FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA. EXPTE. 4897/337.

Visto o informe-proposta do director do Museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, conformado polo xefe do Servizo de Museos municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Autorizar o préstamo temporal das seguintes obras:

- Título: O pontigo
- Artista: Felipe Bello Piñeiro
- Nº Inv.: 1637
- Técnica: Óleo s/ tea
- Data: S. XIX-XX
- Dimensións: s/m 47 x 29 cm
- Valor a efecto de seguro: 9.000 euros

- Título: Cidade de Holanda nevada
- Artista: Anthoine Beerstraten
- Nº Inv.: 43
- Técnica: Óleo s/ tea
- Data: XVIII
- Dimensións: s/m 93 x 129 cm
- Valor a efecto de seguro: 60.000 euros

á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia, organizadora da exposi-

ción Auga Doce, que terá lugar entre a primeira quincena de marzo e a primeira de setembro do ano 2014, no Museo Centro Gaiás de Santiago de Compostela, segundo as condicións xerais que se achegan ao expediente.

SEGUNDO.- En todo caso, o préstamo queda condicionado á aceptación, por parte da Fundación Cidade da Cultura, como promotora da exposición, das condicións xerais de préstamo que se achegan ao expediente, así como á resolución favorable da saída de obra por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

5(113).- PROPOSTA AUTORIZACIÓN PRA A ORGANIZACIÓN DO “I OPEN DE ANDAINAS 25 KM” POLA CIDADE DE VIGO, O VINDEIRO 16 DE MARZO. EXPTE. 12893/333.

Visto o informe do director deportivo do IMD, do 3.02.14, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o Club Montaña Xistra, a organizar o vindeiro domingo 16 de marzo de 2014, o “I OPEN DE ANDAINAS 25 KM”, o horario deste evento será dende ás 10.00 horas ata as 16.00 horas e percorrerá por o Vao, Samil, Bouzas polas praias, Paulino Freire, Tomás Paredes, Castelao, López Mora, Pintor Lugris, Seara, Jamie Balmes, Torrecedeira, Parque Camilo José Cela, Chile, Travesía da rúa Romil, Paseo de Alfonso XII, Castelo de San Sebastián, Concello, Castro, Castelo do Castro, Parque Charlie Rivel, Manuel Olivié, Pza de España, Couto de San Honorato, Filipinas, Baixada San Roque, Avda. Madrid, senda do río Lagares ata o Vao, onde rematará.

6(114).- SELECCIÓN DE PERSOAL TRABALLADOR BENEFICIARIO E RELACIÓN DE OBRAS A DESENVOLVER NO PROGRAMA “VIGO EMPREGA 2014”. EXPTE. 10654/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe d4e Desenvolvemento Local e Emprego, do 19.12.13, conformado polo concelleiro de Participación Cidadá, Emprego e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria de contratación dos seguintes postos para o programa de inserción laboral “VIGO EMPREGA” 2014:

a) 3- *Capataces beneficiarios/as albanelería*

b) *Oficiais beneficiarios/as:*

15 - Oficiais Albanel.

1- Oficial Carpinteiro Metálico.

10- Oficial Condutor.

1 – Oficial Condutor-Palista.

1 – Oficial Fontaneiro.

2– Oficiais Electricistas.

7 – Oficiais Xardineiros/Forestais.

- 1 – Oficial Pintor.
- 1 – Oficial Carpintaría de madeira
- 1 – Oficial Canteiro
- 1 – Oficial Mecánico

57- Peóns beneficiarios/as.

SEGUNDO.- Modificar os puntos das Bases de Selección das de persoas candidatas:

- Punto 3 da convocatoria de postos nas diferentes categorías profesionais, prescindindo do posto de capataz de xardinería-forestal por non precisar desta categoría dadas as características técnicas do posto e das diferentes funcións que desenvolven os oficiais xardineiros e forestais, con ocupacións moi definidas nos parques de Castrelos e o Castro.
- Punto 8 en canto a distribución dos postos de peón a contratar que permita cando menos a presenza de:

COLECTIVOS	Nº
3% persoas con discapacidade que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo	3
25% mocidade entre 18 e 25 anos.	14
18% mulleres	10
18% persoas maiores de 45 anos.	10
18% persoas maiores de 25 e menores de 45.	10
18% persoas paradas de longa duración.	10
TOTAL PEÓNS	57

- Persoas candidatas a peón que non perciban ningunha renda ou subsidio de desemprego, 1 punto. Persoas candidatas a Oficia ou capataz que non perciban ningunha renda 0,5 puntos.

TERCEIRO.- Realizar a solicitude de persoas candidatas as Oficinas do Servicio Público de Emprego, segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de selección, para os distintos postos para pasar ao procedemento de selección:

Peóns: Comprobación do cumprimento dos requisitos imprescindibles establecidos no punto 6 das bases de selección.

Oficiais e Capataces: Valoración dos candidatos segundo criterios de experiencia laboral formación e outros meritos, directamente relacionados coa actividade a desenvolver.

CUARTO: Autorizar a realización de entrevista e proba práctica relacionada co oficio e posto aos Capataces, oficiais e peóns beneficiarios/as.

QUINTO: Aprobar a relación de obras a desenvolver dentro do programa, que deseguido se relacionan:

a) Vías e Obras:

- Construción de beirarrúas en diferentes estradas da cidade.

b) Patrimonio Histórico:

- Obras de mellora e consolidación de elementos patrimoniais como muiños e outros.

c) Cemiterios:

- Actuacións de mellora no cemiterio de Beade.

d) Deportes:

- Canalización de augas no Campo de Fútbol de Sampaio.
- Acondicionamento instalacións no Campo de Fútbol do Carballal.

e) Policía Local:

- Acondicionamento de locais para vestiarios nos actuais almacens da Policía Local

f) Limpeza:

- Acondicionamento de cunetas, muros e valados nos viais e camiños das parroquias de Cabral, Lavadores e Sampaio

g) Parques e Xardíns:

- Novas praderías de cespede, resemteira das existentes e prantación zonas arbustivas, vivaceas e novo arbolado nos parques do Castro e Castrelos.
- Acondicionamento e reparación de camiños públicos e escaleiras de acceso ao parque de Castro.
- Rega automática nos parques de Castro e Castrelos.

h) Vigo Zoo:

- Reforma e reparación de muros, espazos interiores e construción de caseta de madeira no recinto de Bovidos Sur.

i) Parque Central de Servizos:

- Reparacións e mellora das camaras e impermeabilización nave Parque Central.
- Pintado de instalacións no Parque Central de Servizos.
- Mantemento e arranxo de vehículos do programa.

j) Emprego e Participación Cidadá.

- Acondicionamento interior nave municipal da Florida.

k) Desinfección.

- Apoio a campaña de desratización do casco urbán, do río Lagares e afluentes; e á precampaña de desratización en barrios e parroquias.

SEXTO: Aprobar o gasto total de 680.456,81€, do vixente orzamento municipal correspondente ao ano 2014:

2410 1310000 "Plan de Emprego Municipal:

- Orzamento 2014 496.660,68 €

2410 16000001 "Seguridade Social Emprego:

- Orzamento 2014 183.796,13 €

SÉTIMO: Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado o nomeamento dos membros da Comisión de Selección nas categorías profesionais de capataces, oficiais de oficios e peóns.

7(115).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES CCOO, CEP, CIG E UGT PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO IMOS TRABALLAR 2 POR AMPLIACIÓN DA SUBVENCIÓN DO MESMO. EXPTE. 10782/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.01.14, o informe de fiscalización do 4.02.14 e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 24.01.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Autorizar ó Concello de Vigo a ceder parte da ampliación do financiamento concedido para o proxecto Imos Traballar2 por aplicación do reparto de remanentes aprobado por Resolución da "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales", aos axentes sociais CEP, CCOO, CIG e UGT para a execución no ano 2014 de catro novos itinerarios de inserción laboral así como as actividades de Información, orientación e busca de emprego por un montante total de 126.972,40 euros que se financiarán con cargo a partida orzamentaria 2410 48900005 " Convenios Axentes Sociais Imos Traballar 2", de acordo coa seguinte distribución:

ITINERARIO FORMATIVO	Entidad	Cursos	alumnos	Horas	Orzamento
Limpeza de Superficies e mobiliario en edificios e locais	CC.OO	1	15	230	33.593,10
Limpeza de Superficies e mobiliario en edificios e locais	UGT	1	15	230	33.593,10
Operacións Básicas de Cátering	CEP	1	15	250	29.893,10
Operacións Básicas de Cátering	CIG	1	15	250	29.893,10
TOTALES		4	60	960	126.972,40

SEGUNDO.- Aprobar a sinatura dun novo convenio entre o Concello de Vigo e as entidades integrantes do Pacto Local polo Emprego que contemple as novas accións, o seu orzamento e a consecuente ampliación dos prazos de execución das actividades do proxecto Imos Traballar2 derivadas da aceptación pola Xunta de Goberno Local na sesión do 7 de outubro do incremento da subvención.

TERCEIRO.- Facultar o Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado para asinar citado convenio de acordo coas seguintes estipulacións:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO A TRAVÉS DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ E OS AXENTES SOCIAIS E ECONÓMICOS ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE GALICIA AJE, ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIAS DE PONTEVEDRA-APE, COMISIONES OBRERAS VIGO, CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA-CEP, CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA DE VIGO-CIG E A UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES DE VIGO, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO IMOS TRABALLAR2, PROXECTO 615, ENMARCADO NAS AXUDAS CON CARGO O FONDO SOCIAL EUROPEO DENTRO DO PROGRAMA ADAPTABILIDADE E EMPREGO.

REUNIDOS:

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez como Alcalde de Vigo, actuando en nome e representación do Concello de Vigo, ao amparo das facultades que lle concede o seu nomeamento o 11 de xuño 2011,

Doutra,

Doutra, D., como en representación da mesma, ao amparo das facultades que se lle concederon en

Declaran:

Que o Concello de Vigo e, en concreto, a área de Desenvolvemento local, Emprego e Participación Cidadá, no ámbito das atribucións de competencias, correspóndelle o exercicio das funcións atribuídas, en base o decreto de delegación de 13 de xuño de 2011.

Que foi presentado á convocatoria do Ministerio de Política Territorial y Administraciones Públicas de axuda con cargo ao Fondo Social Europeo-Período 2011-2013, convocatoria 2011, prevista no correspondente P.O. de Adaptabilidad e Emprego, dirixido a fomentar pactos, redes, asociacións e apoio ás iniciativas locais para o emprego e a inclusión social, o proxecto Imos Traballar, con número115.

Que dito proxecto foi aprobado mediante resolución de 22 de xuño de 2011, pola Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se resolveron as solicitudes de subvención formuladas ao amparo da convocatoria 2011 para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo durante o período de intervención 2012-2014.

Que a a Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de 7 de outubro de 2013 acordou aceptar un incremento da axuda para o proxecto Imo Traballar2, derivada do reparto de remanentes aprobado por Resolución da "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales" de data 5 de setembro de 2013 e publicada no BOE nº 222 do día 16/09/2013.

Que como consecuencia do incremento da axuda para o proxecto Imos Traballar2 aceptada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 7 de outubro, faise necesario asinar un novo convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e as entidades integrantes do Pacto Local polo Emprego que contemple as novas accións a desenvolver no marco do proxecto, o seu orzamento e a consecuente ampliación dos prazos de execución derivados de dito incremento.

Que no desenvolvemento do proxecto, o Concello de Vigo, realiza diversas funcións de asesoramento, dirección do pacto, difusión das actividades e participación nos órganos de control e xestión, así como apoia o financiamento do proxecto, polo seu interese de mellorar o emprego na cidade de Vigo.

En consecuencia, os organismos conveñen establecer o presente acordo de colaboración, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre Concello de Vigo e os seguintes axentes sociais e económicos: Asociación de Jovenes Empresarios de Vigo- AJE, Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra-APE, Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo (CC.OO. De Vigo), Confederación de Empresarios de Pontevedra CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo (CIG) e Unión Comarcal da UGT, para a execución de diversas actividades do proxecto "Imos Traballar 2", ao amparo da convocatoria 2011 para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo durante o período de intervención 2011-2013, que foi aprobado por decisión do Comité de Valoración da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial con data 21 de xuño de 2011 e de aquelas derivadas da ampliación da subvención por reparto de remanentes do proxecto Imos Traballar2 aprobada por Resolución da "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales" de data 5 de setembro de 2013 e publicada no BOE nº 222 do día 16/09/2013.

SEGUNDA.- As actividades a desenvolver por cada entidade no marco do programa son as previstas no proxecto "Imos Traballar 2" e na solicitude de participación, coas contías globais de gasto que se detallan nos anexos adxuntos asinados polas entidades participes no Pacto polo Emprego de Vigo.

TERCEIRA.- O desenvolvemento das actividades axustarase ao programa e á duración establecida no compromiso de participación aprobados anexos a este Convenio, o establecido na solicitude de participación, no Programa Operativo de Adaptabilidade e Emprego, o indicado na decisión de aprobación e nas instrucións que no seguimento do proxecto poidan aprobarse. As entidades Asociación de Jovenes Empresarios de Vigo- AJE, Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra-APE, Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo (CC.OO. De Vigo), Confederación de Empresarios de Pontevedra CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo (CIG) e Unión Comarcal da UGT poderá subcontratar ata un máximo do 50% da contía global da subvención concedida polo Concello de Vigo para desenvolver as diferentes actividades descritas no Anexo I deste convenio, aos efectos de dar cumprimento ao artigo 29 da Ley General de Subvenciones (Ley 38/2003) de 17 de novembro.

CUARTA.- Para o seguimento global e os temas que requiran modificacións do proxecto aprobado, crearase unha Comisión de Seguimento, formada polo Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, un representante da entidade; Asociación de Jovenes Empresarios de Vigo- AJE, Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra-APE, Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo (CC.OO. De Vigo), Confederación de Empresarios de Pontevedra CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo (CIG) e Unión Comarcal da UGT e un/ha funcionario/a do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego que actuará como secretario/a.

As reunións desta Comisión celebraranse a solicitude dalgunha das partes ou previo ás solicitudes de pago, coa finalidade de realizar a correspondente certificación.

QUINTA.- Se no desenvolvemento do programa aparecesen circunstancias que aconsellasen modificar os detalles e condicións establecidas neste convenio en relación coa participación no

proxecto Imos Traballar, esta poderá ser aprobada polo Alcalde de Vigo logo de solicitude e xustificación da proposta, sempre que a devandita modificación non supoña incremento do importe total do convenio nin variación substancial do obxecto do proxecto aprobado polo Ministerio de Política Territorial y Administraciones Públicas.

SEXTA.- Os membros de Asociación de Jovenes Empresarios de Vigo- AJE, Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra-APE, Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo (CC.OO. De Vigo), Confederación de Empresarios de Pontevedra CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo (CIG) e Unión Comarcal da UGT destinarán a realizar este proxecto, de entre o seu persoal, aquel que sexa necesario para a correcta realización das accións programadas, contratando aquel do que non dispoña, sen que en ningún momento signifique relación laboral ou doutro tipo co Concello de Vigo.

Os membros de Asociación de Jovenes Empresarios de Vigo- AJE, Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra-APE, Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo (CC.OO. De Vigo), Confederación de Empresarios de Pontevedra CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo (CIG) e Unión Comarcal da UGT, están obrigados ao cumprimento das disposicións vixentes en materia fiscal, laboral, da Seguridade Social, de Seguridade e Hixiene no traballo e cantas outras disposicións en vigor lle sexan de aplicación.

SÉTIMA.- Dentro da xestión do proxecto atenderase especialmente a formación dos/as usuarios/as, a súa tutorización e seguimento, a información sobre cada actuación e a difusión dos resultados aos colectivos máis desfavorecidos da cidade de Vigo, co fin de fomentar a súa participación no proxecto.

OITAVA.- En todas as actividades de carácter público e en todo o material que se utilice tanto para a divulgación do proxecto como para a súa execución, adoptaranse as medidas de identificación, información e publicidade que se prevén no artigo 69 do Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, de 11 de xullo de 2006 e nos artigos 2 a 10 do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, de 8 de decembro sobre as actividades de información e publicidade que deben levar a cabo os Estados membros en relación coas intervencións dos Fondos Estruturais.

En calquera caso as actuacións en materia de información e publicidade que se acometan polas Entidades beneficiarias dirixidas tanto ao público en xeral como aos desempregados participantes nos proxectos, deberán indicar claramente a participación da Unión Europea (a través do Fondo Social Europeo) na cofinanciación dos mesmos.

O Concello de Vigo poderá utilizar libremente para os seus fins propios os produtos que se obteñan como consecuencia deste proxecto, para o que lles será facilitada unha copia no formato que se indique polos servizos técnicos do Concello.

NOVENA.-O Concello de Vigo cederá parte do financiamento concedido por aplicación do reparto de remanentes aprobado por Resolución da "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales", aos axentes sociais CEP, CCOO, CIG e UGT para a execución no ano 2014 de catro novas accións formativas por un montante total de 126.972,40 que se financiarán con cargo a partida orzamentaria 2410 48900005 " Convenios Axentes Sociais Imos Traballar 2" do orzamento do 2014, de acordo coa seguinte distribución:

- a Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo-CCOO para que o designe ao financiamento das actividades do proxecto Imos Traballar2, a realizar na anualidade 2014, por importe de 33.593,10 euros co desglose por partidas e de acordo cos prazos de execución que se reflicten no ANEXO I.*

- a *Confederación de Empresarios de Pontevedra- CEP* para que o designe ao financiamento das actividades do proxecto *Imos Traballar2*, a realizar na anualidade 2014 por importe de 29.893,10 euros co desglose por partidas e de acordo cos prazos de execución que se reflicten no ANEXO I.
- a *Confederación Intersindical Galega de Vigo-CIG* para que o designe o financiamento das actividades do proxecto *Imos Traballar2*, a realizar na anualidade 2014 por importe de 29.893,10 euros co desglose por partidas e de acordo cos prazos de execución que se reflicten no ANEXO I.
- a *Unión Comarcal de UGT Vigo* para que o designe o financiamento das actividades do proxecto *Imos Traballar2*, a realizar na anualidade 2014 por importe de 33.593,10 euros co desglose por partidas e de acordo cos prazos de execución que se reflicten no ANEXO I.

Aos efectos do abono de devandita cantidade, a Comisión de Seguimento, as entidades Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo (CC.OO. De Vigo), Confederación de Empresarios de Pontevedra CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo (CIG) e Unión Comarcal da UGT, certificarán ante o Concello de Vigo a realización das accións conforme ao establecido no proxecto aprobado. Para o pago achegarase:

- Documentación acreditativa de estar ao día das súas Obrigacións Tributarias Estatais e Autonómicas e da Seguridade Social, e que non teñan pendente de pago ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública.
- Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio en formato papel e electrónico, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou cualquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.
- A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Promoción Económica e Emprego que forme parte da Comisión de Seguimento, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará a cada Conta Xustificativa, no que se porá de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou daquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados. As contas xustificativas conterán con carácter xeral, a seguinte documentación:
 - a) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará se é posible, a seguinte información:
 - Denominación do curso, proxecto ou gasto subvencionado
 - Datas e lugar de celebración.
 - Colectivo afectado, número de beneficiarios/as e programación desenvolvida.
 - Nos cursos de formación, añadirase ao anterior en folia aparte o programa do curso, horas de formación e a identificación dos/as participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, dirección e número de teléfono.
 - Actuacións realizadas.
 - Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
 - b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e do documento, ou o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.

- Facturas orixinais, polo importe total da subvención outorgada. Devanditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:
- Número e no seu caso serie.
- Nome e apelidos ou denominación fiscal.
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
- Dirección (tanto do expendedor como do tomador da factura)
- Descrición detallada cos prezos unitarios, e se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
- Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base impoñible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarase o documento xustificativo de tal situación.
- Lugar e data de emisión.
- Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a contía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.

DÉCIMA.- As entidades Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo (CC.OO. De Vigo), Confederación de Empresarios de Pontevedra CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo (CIG) e Unión Comarcal da UGT comprometéense a entregar ao Concello de Vigo unha certificación de gasto e pago das actividades realizadas con datas: 20 de xuño, 30 de setembro e 20 de decembro de 2014.

Para iso, fornecerán ao Concello de Vigo información que lle sexa requirida a través dun sistema informático de seguimento dos gastos das operacións, remitindo a devandito organismo a xustificación documental que se determine nas instrucións que lle sexan facilitadas. Unha vez comprobada que a certificación é correcta, o Concello de Vigo abonaralle en concepto de adianto as entidades Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo (CC.OO. De Vigo), Confederación de Empresarios de Pontevedra CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo (CIG) e Unión Comarcal da UGT o importe correspondente á cantidade certificada.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A xustificación dos gastos das accións realizadas polas entidades Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo (CC.OO. De Vigo), Confederación de Empresarios de Pontevedra CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo (CIG) e Unión Comarcal da UGT, estará soportada en pezas contables que serán conservadas polas mesmas, tendo en conta todas as disposicións aplicables aos Fondos Estruturais en materia de elexibilidade, xestión e control, así como os sistemas de xestión e control establecidos pola autoridade de xestión do Programa, o Organismo intermedio e, no seu caso, os aprobados pola Comisión relativos á intervención.

Neste sentido, as entidades Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo (CC.OO. De Vigo), Confederación de Empresarios de Pontevedra CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo (CIG) e Unión Comarcal da UGT, deberán:

- *Manter un sistema de contabilidade separada ou unha codificación contable adecuada de todas as transaccións relacionadas cos proxectos subvencionados a través destas axudas do FSE.*

- *Garantir a dispoñibilidade física da documentación xustificativa correspondente aos gastos elexibles certificados, durante o tempo previsto no artigo 90 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006. e o artigo 19 do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, de 8 de decembro. A devanditos efectos conservaranse os orixinais dos documentos ou copias certificadas conformes cos orixinais sobre soportes de datos xeralmente aceptados.*

DÉCIMO SEGUNDA.- Á finalización do convenio, entregarase a memoria de actividades realizadas por cada unha das entidades cos seguintes contidos mínimos:

- *Descrición xeral das medidas e accións levadas a cabo e os seus obxectivos.*
- *Relación de accións realizadas, con indicación do tipo de accións, número de beneficiarios, duración e lugares de realización.*
- *Sistemas implantados para o control financeiro con indicación dos responsables do mesmo.*
- *Criterios e mecanismos de seguimento e avaliación.*

DÉCIMO TERCEIRA.- En calquera momento, durante a vixencia do Convenio, o Concello de Vigo poderá efectuar as comprobacións e realizar as inspeccións que estime convenientes ao obxecto de comprobar a realidade da execución do proxecto.

DÉCIMO CUARTA.- Calquera incumprimento das estipulaciones establecidas neste convenio, a entrega de documentación fraudulenta ou a desviación do obxecto do gasto para fins distintos dos estipulados no mesmo, terán carácter liberatorio para o Concello respecto dos compromisos contraídos coa entidade incumpridora , e dará lugar á rescisión automática do presente convenio coa entidade e á devolución das cantidades percibidas de acordo co Decreto 3/1997, de 9 de xaneiro polo que se regula o réxime de devolución de subvencións na Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- O convenio poderá ser denunciado polas partes, cun aviso previo de tres meses de anticipación. Neste caso, finalizaranse as actividades que estean realizándose, non podendo iniciarse ningunha desde a notificación do aviso previo.

DÉCIMO SEXTA.- O presente Convenio ten natureza administrativa, así, en caso de controversia sobre a interpretación e execución das cláusulas do mesmo, estas resolveranse por unha comisión formada por un representante de cada unha das partes asinantes e unha terceira persoa designada de común acordo por todas as partes asinantes. No suposto de diverxencias na interpretación e execución do mesmo, será a orde xurisdiccional contencioso- administrativo o competente para a súa resolución.

DÉCIMO SÉTIMA.- O presente convenio estará vixente desde o momento da súa sinatura ata o 20 de decembro de 2014 sen posibilidade de prórroga.

8(116).- PROXECTO DE CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE PARQUES Y JARDINES PÚBLICOS” E O

CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PLATAFORMA “VIVIRLOSPARQUES”. EXPTE. 7492/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.01.14, o informe de fiscalización do 29.01.14 e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro de Montes, do 27.01.14, conformado polo xefe de Servizo de Montes, Paques e Xardíns, o concelleiro da Área de Distritos, Parques e Xardíns, Limpeza e Comercio e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o Convenio Marco de Colaboración entre a Asociación Española de Parques y Jardines Públicos (AEPJP) e o Concello de Vigo para o desenvolvemento da plataforma “vivirlosparques”, que deseguido se transcribe:

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE PARQUES Y JARDINES PÚBLICOS (AEPJP) E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PLATAFORMA “vivirlosparques”.

REUNIDOS

Dunha parte, a Asociación Española de Parques y Jardines Públicos-en adiante AEPJP-, con C. I. F. G-8331642 e domicilio social en Pozuelo de Alarcón (Madrid) rúa Madrid s/n esquina Rúa Río (Húmera), representada neste acto por D. FÉLIX MORAL PÉREZ, na súa calidade de Presidente da AEPJP, según certificación expedida polo Secretario Xeral da Asociación con data 18 de marzo de 2011.

E doutra parte, o Concello de Vigo, con domicilio en Praza do Rei 1 e con C. I. F. P-3605700-H, representada neste acto por D. ABEL CABALLERO ÁLVAREZ, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Vigo

INTERVEÑEN

En nome e representación da AEPJP e do Concello de Vigo no exercicio das atribucións que lles corresponden.

Ambas partes de común acordo

EXPOÑEN

Que é unha prioridade para o Concello de Vigo a conservación e protección do medio ambiente urbano en xeral, e do Patrimonio Verde en particular, informando e habilitando canais de comunicación sobre os procedementos para corrixilos e fomenta-la toma en consideración de actitudes respectuosas co medio ambiente.

Que a Asociación Española de Parques y Jardines Públicos (en adiante AEPJP) é unha entidade sen ánimo de lucro cuxas actividades encamiñanse cara o obxectivo de promover un mellor coñecemento, profesionalidade e maior proveito para a sociedade dos distintos aspectos e problemática dos Parques, Xardíns e Paisaxe.

Que “vivirlosparques” é unha plataforma en Internet propiedade de AEPJP especializada en parques e xardíns que permite coñecer e disfrutar interactivamente o patrimonio cultural de nosos concellos e

as actividades culturais e sociais que alí se desenrolan, así como fomentar o coñecemento e a interrelación técnica dos seus xestores e profesionais para compartir experiencias e iniciativas que repercuten na mellora do sector.

Que a plataforma VLP conta co respaldo institucional do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo a través do Plan Avanza, e o apoio e promoción activa da Rede Española de Cidades Intelixentes (RECI), e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), en base ós respectivos convenios de colaboración formalizados en 2013.

En virtude do anterior, ambas partes, recoñecéndose mutuamente a capacidade para obrigarse, acordan formalizar o presente Convenio Marco de Colaboración entre a AEPJP e o Concello de Vigo, de acordo cas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O presente Convenio Marco ten por obxecto establecer as bases xerais de colaboración entre ambos organismos para o impulso e desenvolvemento da plataforma dixital “vivirlosparques” (en adiante VLP), de xeito que permitan o desenvolvemento de accións conxuntas encamiñadas a transferencia de experiencias e coñecemento que melloren a conservación e valoración dos parques e xardíns públicos.

SEGUNDA. Liñas de colaboración

A efectos do cumprimento do obxecto do presente convenio marco e tomando como referencia a “Memoria Técnica vivirlosparques” adxunta, defínense as liñas de colaboración entre a AEPJP e o Concello de Vigo, e apúntanse as correspondentes e posibles actuacións a desenrolar:

- ◆ *Comunicación e intercambio de información e experiencias*
Intercambio de acordo coas súas posibilidades de aquela información que poida resultar do interese para ambas entidades (experiencias, proxectos, boletíns, publicacións, etc.)
- ◆ *Participación na Comunidade Parques e Xardíns*
Participación na Comunidade Dixital de Parques e Xardíns habilitada na Área Técnica da plataforma vivirlosparques mediante a inscrición no Grupo de Discusión “Xestión Xardinería Pública” do Responsable técnico do Servizo, ademais de outros técnicos municipais que se entenda poidan interesarse.
- ◆ *Incorporación de parques na plataforma*
Incorporación dos seus parques públicos según as posibilidades existentes. As condicións da mesma recollense en acordos específicos para cada parque.

TERCEIRA. Participación das partes

Para o desenvolvemento do obxectivo descrito na primeira cláusula, ambas partes comprométese a aportar os recursos necesarios para súa consecución. En particular, serán obrigacións das partes as seguintes.

Para a Asociación Española de Parques e Xardíns Públicos:

- ◆ *Responsabilizarse do mantemento xeral da plataforma mentres está en funcionamento, e de utilidades e contidos específicos.*
- ◆ *Dinamizar o funcionamento da área técnica, impulsando o foro técnico e tecnolóxico do intercambio de experiencias e de difusión do coñecemento.*

Para o Concello de Vigo:

- ◆ *Promover a participación dos seus técnicos na Comunidade Dixital de Parques e Xardíns*
- ◆ *Designar ao responsable técnico municipal para participar no Grupo de Discusión “Xardinería Pública e Xestión” da Área Técnica-VLP*
- ◆ *Promover a incorporación de parques na plataforma*

CUARTA. Comisión Mixta de Seguimento

Para facer efectivas as previsións do presente convenio marco, crease unha Comisión Mixta de Seguimento, formada por un representante do Concello e un representante da AEPJP, a designar respectivamente e de forma conveniente tras a sinatura do convenio.

Seu réxime xurídico axustarase ao establecido no artigo 22 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Serán funcións da Comisión de Seguimento:

Fixar o calendario de actuacións para facilitar a información necesaria.

A Comisión de Seguimento reunirse a solicitude de calquera dos seus membros, cantas veces foran precisas para o cumprimento dos fins que lle competen previa convocatoria expresa e con indicación do Orde do Día. As reunións poderán ser presenciais, on-line, mediante video-conferencia ou similares, sempre que ambas partes estén conformes.

Executar os acordos específicos e propoñer ou impulsar as medidas necesarias para a aplicación do presente Acordo Marco.

Analizar de maneira sistemática os niveis de desenvolvemento das cláusulas deste Acordo.

Estudar a participación de outros organismos, entidades ou empresas e propoñer, no seu caso, a coordinación e condicións desta participación nos Acordos específicos que se establezan dentro deste Convenio.

Interpretar o convenio e tratar de resolver as controversias que poidan surxir na súa execución

QUINTO. Compromiso económico-financeiro

O presente Convenio Marco non representará ningún compromiso e financiamento para as partes.. Para actuacións concretas que se decidan acometer no marco do presente Convenio Marco, as partes asinarán acordos específicos nos que se determinará o alcance e condicións para levalos a cabo.

Para a cobertura dos compromisos económicos que se deriven dos acordos específicos que poidan asinarse, conforme a este Convenio Marco, procederase conforme ao establecido en tales acordos.

Os acordos específicos deberán incluír as aportacións económicas e técnicas das partes e, no seu caso, as partidas orzamentarias con cargo as cales se levarán a cabo súas actuacións. Poderán existir acordos específicos nos que sexan presupostados unicamente por unha das partes co soporte técnico da outra parte asinante, acordos específicos nos que soamente existan aportacións técnicas por ambas partes, e acordos específicos onde participe un terceiro que se faga cargo da aportación económica para o desenvolvemento da acción específica.

SEXTO. Información e Divulgación das Actividades

Os asinantes deste Convenio Marco informaranse mutuamente a fin de, no seu caso, adoptar medidas de colaboración sobre aquelas actividades ou proxectos que programen e poidan ser de interese para ambas.

Os asinantes poderán divulgar a forma que estimen conveniente as accións e experiencias que se deriven dos proxectos establecidos neste Convenio Marco.

SÉPTIMO. Modificación e resolución do Convenio

O Presente Convenio Marco poderá ser modificado por mutuo acordo entre as partes, sempre que se acorde antes da inspiración do seu prazo de duración.

Calquera das partes poderá resolver o presente Convenio Marco, comunicándoo por escrito a outra parte, ao menos, con quince días de antelación a data prevista de resolución.

A resolución do Convenio Marco non afectará, si así o acordan as partes, a finalización das actividades que estiveran en execución e que incidiran gravemente nos resultados pretendidos no obxecto do Convenio Marco.

OITAVO. Vixencia do Convenio e causas de extinción

O presente Convenio Marco surtirá efectos dende o día da súa sinatura e establece un período de vixencia de tres anos e/ou mentres esté activa a plataforma, sen prexuízo de que nos acordos específicos asinados para actuacións concretas se establezan períodos de execución distintos, ou que de mutuo acordo se conveña súa prórroga.

O presente Convenio Marco extinguirase ademais de polo previsto na cláusula anterior, polas seguintes causas:

- ◆ Si ao longo do período de duración do mesmo se producisen circunstancias que fixeran imposible ou innecesaria a realización das actuacións previstas.
- ◆ A denuncia por escrito de calquera das partes cun aviso previo dun mes.
- ◆ O incumprimento de calquera dos pactos establecidos no mesmo, previo requirimento fidedigno, coincidindo no prazo de 30 días para a normalización ou rectificación da actitude incorrecta, sen que isto signifique renuncia de ningún tipo de accións que no seu caso puideran corresponder.

As actuacións en curso derivadas dos compromisos adquiridos deberán acreditarse, en todo caso, antes de finalizar o exercicio no que se produzo a extinción do Convenio.

NOVENO. Réxime xurídico aplicable

O presente Convenio Marco ten natureza administrativa e se atopa excluído do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo de 3/2011, de 14 de novembro, en virtude do establecido no artigo 4.1).

O Convenio rexerese polas estipulacións nel contidas e no previsto en estas, así como para a resolución das dúbidas que puideran presentarse polos principios contidos na citada Lei.

As cuestións litixiosas as que poida dar lugar a interpretación, modificación, efectos ou resolución do contido do presente Convenio Marco serán resoltas unha vez esgotada a vía administrativa previa, de acordo co previsto na Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo, a estes efectos, ambas partes sométense a xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Vigo, con renuncia ao seu propio foro.

E para que conste ós efectos oportunos, en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento, por duplicado, en data indicada no encabezamento.

9(117).- MARCO DE ACTUACIÓN DO “PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO” ANO 2014. EXPTE. 6203/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.01.14, o informe de fiscalización do 22.01.14 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 17.01.14, conformado pola concelleira de Igualdade e pola concelleira de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. Autorizar o gasto de 10.000,00 Euros, con cargo á partida 2311 4800000 do orzamento vixente, para facer fronte aos gastos que orixinan as axudas económicas directas de apoio para as mulleres vítimas de violencia de xénero, facultando á Concelleira delegada de Igualdade para a concesión das concretas axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero.

SEGUNDO.-Aprobar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 10.000,00 euros, a nome das funcionarias Cristina Gómez García, con DNI número 36.098.882-Z, xefa do servizo de Igualdade e Amalia M^a Gándara Fernández, con DNI número 36.107.637Y, traballadora social adscrita ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.

TERCEIRO.- Aprobar o marco de actuación do proxecto de subvencións directas de axudas económicas de apoio para ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

MARCO DE ACTUACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DE APOIO PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

0.-FUNDAMENTACIÓN:

A maior parte das usuarias da rede municipal de atención e acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, son mulleres con cargas familiares en situación económica precaria.

A falta de cualificación profesional, a dependencia económica e afectiva co agresor, a baixa autoestima, a responsabilidade de ter baixo o seu coidado a menores ou persoas dependentes, o medo, e as propias limitacións no mercado de traballo, fan que as posibilidades de resolución autónoma da súa vida sexan enormemente dificultosas. Así, a experiencia acumulada de case dúas décadas de traballo, indica a necesidade de que a administración lles recoñeza o dereito a unha axuda económica temporal que lles facilite unha vida autónoma, independente e favorezca a ruptura co agresor.

A finalidade desta medida é dotar ás mulleres dunha axuda económica puntual que lles permita afrontar os gastos máis urxentes e básicos no proceso de ruptura e que poderán consistir en: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, trasladados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, axuar e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

Para acadar ese fin apróbase o presente marco de actuación para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas de carácter individual en relación a asistencia e apoio de emerxencia das mulleres vítimas de violencia de xenero para o ano 2014 coa definición do criterio específico, no marco xurídico definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica en relación as subvencións dentro das bases de execución do orzamento vixente de 2014 e recollidos na "base 38ª".

En relación o cumprimento dos procedementos para a concesión directa establecidos na Lei Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente contempla os principios recollidos no artigo 26.2 da citada Lei.

O procedemento de concesión destas axudas, realízase previa valoración da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

A concesión das prestacións axustarase no seu conxunto a seguinte partida e importe:

<i>Partida</i>	<i>Importe</i>
<i>2311.480.00.00</i>	<i>10.000,00 €.</i>

Non obstante, si se dera un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida que fose necesario, sempre que haxa recursos financeiros suficientes e de acordo á legalidade vixente en materia orzamentaria.

Por todo isto, cómpre manter unha consignación presupostaria anual para continuar con esta medida de apoio e atención ás vítimas de violencia de xénero. A concesión destas axudas tramitaranse de acordo coas seguintes bases específicas:

I.- BENEFICIARIAS

Mulleres vítimas de violencia de xénero que estén a tratamento nos dispositivos específicos de atención á muller do Concello de Vigo: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Centro de Emerxencia e/ou vivendas de protección. No caso de que a muller padeza lesións psicolóxicas ou físicas que imposibiliten a recepción da axuda, está poderáse conceder a algún membro/a da súa familia. Esta última circunstancia deberáse acreditar no informe técnico da proposta.

II. FINALIDADE

As axudas económicas aprobadas ao abeiro deste marco de actuación destinaranse a sufragar os gastos máis urxentes e básicos no proceso de ruptura co agresor, que non poidan ser cubertos pola economía da beneficiaria.

Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais e poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, axuar e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

III.- PROCEDEMENTO E VALORACIÓN

A proposta de adxudicación desta axuda económica partirá da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM) .

A traballadora social, funcionaria municipal, cubrirá a solicitude segundo o Anexo I. No informe social emitido deberá quedar acreditada as limitacións económicas que ten a beneficiaria para facer fronte aos devanditos gastos así como a urxencia e a imposibilidade de que as necesidades reflectidas no informe sexan atendidas por parte doutros servizos sociais. O importe máximo da axuda establécese en 600 €, agás causas urxentes debidamente xustificadas.

Previa conformidade da xefa do servizo , a Concelleira delegada de igualdade será quen teña a facultade de conceder estas axudas emitindo o correspondente Decreto coa resolución.

En ausencia da traballadora social, e con carácter excepcional, calquera outra técnica da concellería de Igualdade poderá cursar a devandita solicitude co conforme da xefa do servizo de Igualdade.

IV.-XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

As axudas concedidas para cubrir necesidades básicas como poden ser os cartos de peto ou manutención, quedarán xustificadas coa presentación do DNI, ou outro documento oficial de identidade, e unha declaración asinada pola beneficiaria conforme recibiu a axuda económica. As mulleres que sexan beneficiarias de axudas por calquera outro concepto deberán presentar ademáis facturas ou comprobantes do gasto efectuado.

V.- DEPARTAMENTO RESPONSABLE

Concellería de Igualdade: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller en coordinación co Servizo de Igualdade do Concello.

VI.- AVALIACIÓN E SEGUIMENTO:

O seguimento da utilización e destino das axudas corresponderalle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller .

No expediente deberá incluírse a proposta-fundamentada da axuda e a contía concedida de cada muller beneficiaria desta axuda (anexo 1). Co obxecto de realizar o seguimento e axustar a medida elaborárase unha memoria anual que reflecta cando menos:

- número de beneficiarias
- finalidade da axuda
- importe das axudas
- seguimento dos destinos da axuda
- número de solicitudes denegadas
- motivo de denegación de solicitudes”

PROTOCOLO ANEXO 1

Solicitude de Axudas económicas para mulleres en situación de violencia de xénero

1. Informe emitido por:.....
1. Traballadora social do servizo.....
2. Expediente aberto no CMIDM, núm.....
1. Expediente aberto no Centro de Emerxencia, núm
1. Usuaría da rede de acollemento: SI/NON
Centro de Emerxencia Data de ingreso.....
Data de baixa.....
Vivenda de protección Data de ingreso
Data de baixa.....

1.- DATOS IDENTIFICATIVOS E FAMILIARES

NOME E APELIDOS.....
IDADE.....
NACIONALIDADE.....
ÚLTIMO CONCELLO DE RESIDENCIA
FORMACIÓN.....
OCUPACIÓN.....
ENDEREZO.....
NÚM.FILLOS/FILLAS.....IDADES.....
NÚM.PERSOAS DEPENDENTES ECONOMICAMENTE DA MULLER.....

2.- SITUACIÓN ECONÓMICA DA BENEFICIARIA

3.- FUNDAMENTACIÓN DA URXENCIA

4.- DESCRIPCIÓN DA AXUDA CONCEDIDA (descripción do gasto e importe)

5.- TIPO DE AXUDA CONCEDIDA:

- Desprazamento:.....

- a) *manutención*:.....
- b) *cartos de peto*:.....
- c) *alugueiro*:.....
- d) *Outra (especificar)*:.....

6.- OUTROS DATOS DE INTERESE: (*derivacións, seguimento, etc*)

- *CONTÍA TOTAL CONCEDIDA*
- ◆*DATA DE CONCESIÓN*.....
- ◆*Documentos xustificativos:(indicar)*.....
- ◆*Data*.....

A TRABALLADORA SOCIAL

Conforme:
A xefa do Servizo

D^a Amalia Gándara Fernández

Cristina Gómez García

10(118).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL, (EBEP ART. 10.1.D) POR UN PERÍODO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE COMERCIO. EXPTE. 24783/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.02.14 e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 13.01.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Auxiliar de Administración Xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Comercio contidas no escrito de data 04 de novembro de 2013 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 10.747,62€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a. BEATRIZ FERNÁNDEZ IGLESIAS, DNI. 36.053.544-D, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando

cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138, auxiliar, sendo adscrito ao Servizo de Comercio (cód. 015).

Cuarto.- A xornada laboral da traballadora nomeada, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

11(119).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR MAQUINARIA PESADA PERSOAL PARQUE MOBIL CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE 2013. EXPTE. 24801/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.01.14 e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 14.01.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móbil, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 4º TRIMESTRE-2013, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Angel Alonso González remata por don Avelino Troncoso Martínez, e que ascenden a un total de 2.785,31 € (dous mil setecentos oitenta e cinco euros con trinta e un euros) con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

12(120).- RECLAMACIÓN DIFERENCIA FUNCÍONS DE D. CARLOS LEIROS ORGE. EXPTE. 24387/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 11.02.14, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 02/07/2013 (documento administrativo nº 130077486) D. Carlos Leiros Orge, con DNI nº 36.061.036-A e nº de persoal 22.289, funcionario do Concello de Vigo con pra-

za de policía local e postos de Oficial de Policía, presenta reclamación en materia retributiva, solicitando a equiparación aos oficiais da EVAP ou aos Inspectores principais, motivando a mesma no presunto desenvolvemento de funcións de categoría superior.

2.- En dilixencia de data 31/08/2013 foi solicitado informe á xefatura do Corpo, que foi emitido en data 01/10/2013, reiterándose en anterior informe do 28/02/2013..

3.- Recibidos os mesmos no Servizo de Recursos Humanos, procede a emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A reclamación presentada, nos termos do preceptuado no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, debe ser resolta pola Administración, en cumprimento da obriga de resolver contempla no indicado precepto legal.

II.- En canto ao obxecto da reclamación retributiva que conforma o fondo do asunto, e para a adecuada contextualización da mesma, debe sinalarse o seguinte:

-O reclamante manifesta no seu escrito que ven desenvolvendo dende o ano 2008 unha serie de funcións que, ao seu xuízo, non se corresponden coas propias da súa categoría, manifestando que teñen sido recoñecidas en informes diversos, emitidos por diferentes mandos do Corpo da Policía Local, e que ditas funcións se corresponden coas propias dos "Inspectores Principales y con las que se corresponden con el Concejal-delegado competente en materia de tráfico e movilidad", entendendo que tal extremo xenera "una disfunción que sólo puede ser corregida asignando al compareciente las retribuciones propias d ela categoría de Oficial de la EVAP o inspector Principal", xenerándose, en caso contrario e ao seu entender, un "enriquecimiento injusto".

En relación co antedito, non pode obviarse que:

e) Non lle consta a este Servizo de Recursos Humanos acto administrativo algún polo cal o reclamante teña autorizada a realización das funcións que presuntamente desenvolve con arranxo á legalidade vixente.

No ámbito do Concello de Vigo, calquera hipotético desempeño de funcións de categoría superior, de ter sido realizado efectivamente, debería terse axustado ao procedemento establecido nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicadas no BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010; e, en todo caso, xeneraría o dereito á percepción dun complemento de produtividade -retribución complementaria non fixa nin periódica, conceptualizada legalmente como incentivo ao rendemento ex Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do estado para o ano 2013, entre outras- pero en ningún caso orixinaríase o dereito individual ao axusnte do complemento específico, como se analizará máis adiante.

Nas Instrucións sobre plantilla indicadas, a Instrucción terceira establece expresamente que retribuiranse en concepto de produtividade, entre outros supostos:

“O especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estos efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración.

Tamén deberá ser autorizado expresamente pola Alcaldía ou Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a proposta motivada e xustificada do Xefe do Servizo co conforme do Concelleiro/a delegado/a da Area

A súa duración deberá ser superior a 1 mes, tendo como límite o 31 de decembro de cada ano, debéndose proceder polas xefaturas dos servizos ás oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á resignación ou mobilidade funcional de efectivos.

En ningún caso se tramitarán ni autorizarán encomendas verbais realizadas polos xefes da área ou servizos ou polos concelleiros-delegados, sen que exista a petición previa do servizo e o correspondente informe xustificativo.

A realización terá carácter voluntario e deberá existir o compromiso do interesado para realizar as tarefas encomendadas.

O Xefe do Servizo deberá dar conta ao Servizo de Recursos Humanos da finalización da substitución no mesmo día no que se produza.”

Dende ésta óptica, e non constando autorizada conforme ao procedemento establecido a realización das funcións indicadas polo reclamante, non cabería acceder á petición formulada.

III.- Adicionalmente, as vixentes Guías de Funcións dos Postos, anexas á Relación de Postos de Traballo vixente, establecen que as funcións inherentes a un posto de Oficial de Policía Local son as seguintes:

“Os corpos da policía local deberán protexe-lo libre exercicio dos dereitos e liberdades e garanti-la seguridade cidadá mediante o desenvolvemento das seguintes funcións:

- Velar polo cumprimento das funcións inherentes ó exercicio do seu cargo, así como as específicas do destino concreto que desenvolven.*
- Velar polo cumprimento das leis e disposicións xerais, executando as ordes que reciban das autoridades e superiores xerárquicos no ámbito das súas competencias.*
- Protexer as autoridades e membros da corporacion municipal e vixiar e custodiar os seus edificios e instalacións*
- Prestar auxilio nos casos de accidente, catastrofe e calamidade pública, participando na forma prevista nas leis, na execucion dos Plans de Proteccion civil.*

- *Colaborar coa xefatura na programación das actividades do servicio.*
- *Coordinar, distribuír e supervisa-las tarefas e recursos das distintas unidades ó seu cargo.*
- *Supervisar persoalmente as operacións, que pola súa especial relevancia e transcendencia, requiran da súa participación activa.*
- *Transmitir ordes, criterios de actuación e instrucións ós membros do seu servicio.*
- *Resolve-los problemas operativos e/ou continxencias de persoal que se poidan requirir, e do material no seu caso.*
- *Responsabilizarse da eficacia, produtividade e uniformidade do persoal ó seu cargo así como do material utilizado.*
- *Informar das deficiencias e/ou problemas persoais ou organizativos que se detecten no cadro de persoal do servicio.*
- *Control do persoal ó seu cargo no relativo a presenza do mesmo nos seus postos, notificando as incidencias que se produzan ós seus mandos.*
- *Elaborar informes relativos as funcións propias da sección na que está destinado.*
- *Elaborar follas de servicio, no caso de ser necesario*
- *Colaborar na formación teórico-práctica do persoal.*
- *Dar coñecemento durante o relevo de quendas, das novidades e incidencias, verbalmente ou por escrito.*
- *Cumprir e facer cumprilo Regulamento do Servicio e demais disposicións legais relacionadas co servicio.*
- *Cumprir-las ordes transmitidas polos mandos de xeito dilixente e eficaz.*
- *Auxiliar o mando inmediato superior no exercicio das súas funcións e sustituílo no caso de ser necesario*
- *En casos ou circunstancias especiais do servicio realizarán todas aquelas actuacións que fosen necesarias, en defensa da lei e da seguridade cidadá.*
- *Instruir atestados por accidentes de circulación no termino municipal*
- *Participar nas funcións da policía xudicial , na forma establecida no art. 29.2 da lei 2/1986.*
- *Efectuar funcións de policía administrativa no relativo as ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais, dentro do ámbito das súas competencias.*

- *Efectuar dilixencias de prevencion e cantas actuacións tendan a evitar a comison de actos delictivos no marco de colaboracion das Xuntas de Seguridade .*
- *Observar en todo momento as normas de seguridade estabelcidas para o uso de armas reglamentarias e demais material defensivo, realizando as practicas e o adestramento necesario para a súa correcta utilizacion.*
- *Velaran pola correcta utilizacion dos equipos, materiais e vehiculos que se utilicen no servicio.*
- *Supervisar os expedientes e informes emitidos polo persoal o seu cargo*
- *Deberá permanecer localizable, fora da súa tanda de traballo, ó fin de que nos casos de emerxencia imprevisible se poida incorporar ó servicio coa máxima urxencia.*
- *Mante-lo reciclaxe continuo ó obxecto de manter tanto a forma física, imprescindible para realiza-las súas funcións, así como as técnicas profesionais e procedementos necesarios para desenvolverse de maneira eficiente no seu posto, dentro dos medios que a Administracion dispoña.*
- *Información e atención pública en relación coas materias do servicio.*
- *Utilización das aplicacións informáticas correspondentes á súa Unidade.*
- *Efectuar propostas de mellora ós seus superiores en relación cos seus sistemas e procesos de traballo.*
- *En xeral, calquera outra función de análoga natureza que lle sexa encomendada polo seu superior xerárquico, en relación co servicio e coa súa categoría.”*

Dos informes emitidos pola Xefatura do Corpo, non parece acreditarse a realización polo reclamante de funcións que non atopen encadramento dentro da guía de funcións propia do seu posto.

Merece especial interese a manifestación de que se realizan funcións “que corresponden ao Concelleiro-delegado competente en materia de tráfico e seguridade”; aceptar tal afirmación e as súas consecuencias –económicas e de toda índole- significaría tanto como admitir que calquera funcionario municipal pode substituír a un cargo electo local, con todo o que iso conleva, fundamentalmente partindo da base de non consta a participación do funcionario reclamante na vida política local, e, de ser vontade do mesmo participar nela, a vixente Constitución de 1978 e a Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electora Xeral (artigos 176 a 179) garanten o dereito de todo español a ser elector e elexible en procesos electorais democráticos, sendo ésta a única fórmula coñecida para o desempeño de dita clase de responsabilidades de índole política.

Como debe saber o reclamante, existe unha obvia e manifesta incompatibilidade entre a condición de funcionario público en servizo activo e a condición de cargo electo de carácter público, aos efectos do cal está regulada a situación administrativa de servizos especiais (v. artigo 87

da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público –norma legal de carácter básico ao abeiro dos títulos constitucionais habilitantes establecidos no artigo 149.1. 7ª, 13ª e 18ª); incompatibilidade que se reitera no texto da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación das Policía locais de Galicia, cuxo artigo 58 contempla expresamente que os membros dos corpos da Policía local non poderán exercer ningunha outra actividade pública ou privada, salvo as exceptuadas no réxime xeral de incompatibilidades.

En consecuencia, e polos motivos expostos, entendemos que a reclamación debe ser desestimada.

IV.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 27/2003, do 27 de decembro, de Sostibilidade e Racionalización da Administración Local, coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Desestimar a reclamación en materia retributiva formulada por D. Carlos Leiros Orge, con DNI nº 36.061.036-A e nº de persoal 22.289, en escrito de data 02/07/2013 (documento administrativo nº 130077486) nos termos dos informes obrantes no expediente administrativo, e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao reclamante aos efectos oportunos, así como á Xefatura da Área de Réxime Interior e Superintendente Xefe do Corpo da Policía Local, e significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer únicamente recurso de reposición no prazo de 1 mes contado ao da notificación ou publicación do presente acordo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(121).- PARA DAR CONTA DA ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DE D. OSCAR TINOCO BARCIA (CAPATAZ ALBANEL PROGRAMA VIGO-EMPREGA). EXPTE. 24845/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 23.01.14, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Con data 22 de xaneiro de 2014, tivo entrada a través do Rexistro Xeral solicitude presentada por D. OSCAR TINOCO BARCIA, con DNI 36.152.976-N, capataz-albanel do programa Vigo Emprega II, a través da cal renuncia con efectos do 24 de xaneiro de 2014 a dito posto.

O interesado foi contratado por un período de seis meses, a través dun contrato por obra ou servizo determinado para o programa Vigo Emprega II o 16/09/2013.

Co mesma data remítese polo Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego informe no que se manifesta “que non percibe ningún impedimento legal ou administrativo e, polo tanto, acepta a renuncia deste traballador”.

De conformidade co previsto no art. 10 en relación co art. 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, o cese do persoal das administracións públicas produci-rase pola renuncia que deberá ser manifestada por escrito e aceptada expresamente pola Admi-nistración.

Por isto, no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no art. 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento o Sr. concelleiro-dele-gado da área de Xestión Municipal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 7 de febreiro de 2013, propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada con data 22/01/2014 por D. OSCAR TINOCO BARCIA, con DNI 36.152.976-N, nº de persoal 82563, capataz-albanel do programa Vigo Emprega II, con efectos do 24 de xaneiro de 2014.

Segundo.- A presente resolución notifíquese o interesado, Xefatura de Área de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura de Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos-Humanos (Negociado de Seguridade Social e Inspector de Persoal), Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debéndo darse conta a Xunta de Goberno Local.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Na mesma data o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

14(122).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “REPOSICIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA CAMELIAS. FASE 2 (OURENSE-DOUTOR MARAÑÓN). EXPTE. 2331/440.

Dáse conta do informe-posta do xefe de Área de Fomento, do 28.01.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprométese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.

O proxecto de “Renovación das redes de saneamento e abastecemento na Rúa Camelias, fase 2 (Ourense – Doutor Marañón)”, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 22 de novembro de 2013 co número de expediente 2.444/443 por importe de 1.242.561,40 € (IVE excluído).

En data 19 de decembro de 2013, Aqualia presenta a documentación requirida no apartado III.c indicado anteriormente.

Dacordo co indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente “Renovación das redes de saneamento e abastecemento na Rúa Camelias, fase 2 (Ourense – Doutor Marañón)”, cos datos requiridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:

Código do proxecto: Expte. 2.444/443

Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.

NIF: A38849495.

Orzamento de execución material: 1.044.069,24 €

Orzamento de contrata: 1.242.561,40 € (IVE excluído).

Prazo de execución: 10 meses.

Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e o Plan de Xestión de Residuos.

Clasificación do contratista: E1d, G6c.

Prazo de garantía: 2 anos.

Asistencia Técnica: ESINPRO, S.L.

Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.

Coordinación de Seguridade e Saúde: COORDINA.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

15(123).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.